



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA O
ACONDICIONAMENTO DA OU-531 (AVENIDA DE CELANOVA), A MELLORA DE
VIAIS MUNICIPAIS E RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE
AUTONÓMICA**

Xinzo de Limia, 15 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Manuel Cabas Lopez, na súa condición de alcalde do Concello de Xinzo de Limia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Xinzo de Limia é a capitalidade da comarca da Limia, e sobre ela pivotan as estradas que vertebran o seu territorio, ademais de ser o punto de conexión coa rede de alta capacidade, en concreto coa A-52. Dende o punto de vista da rede autonómica, converxen no núcleo de Xinzo as estradas OU-531 (Celanova), OU-301 (Bande) e OU-304 (Baltar e Portugal), todas elas con orixe na N-525. Sen embargo, a travesía da N-525 converteuse no eixo do crecemento urbano de Xinzo, e con ela os treitos máis próximos das estradas autonómicas mencionadas. A funcionalidade da N-525 de servir de soporte da mobilidade interurbana e de longo percorrido foi trasladada á autovía A-52 de conexión coa meseta, e os enlaces da A-52 pasaron a ser atractores do tráfico de toda a Limia.



Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico. Como desenvolvemento deste obxectivo, cómpre actuar na rede viaria de Xinzo de Limia, adaptándoa á realidade do desenvolvemento urbano e da existencia da autovía A-52.

Terceiro. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Xinzo de Limia, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas como os sinalados anteriormente, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

Para acadar este fin, cómpre adecuar a configuración da rede viaria de Xinzo de Limia á súa realidade funcional, liberando tráfico e cargas administrativas sobre treitos urbanos de antigas estradas que a día de hoxe son rúas, e adecuando a sección dos viais que dan soporte a tráfico interurbano.

Isto se logra cunha estratexia que se materializa en catro liñas de actuación:

- A reforma do treito máis urbano da OU-531 (Avenida de Celanova), conferíndolle as características e funcionalidade dunha rúa, e mesmo limitando o tráfico nun sentido, ~~no trazado da antiga estrada resolvendo a circulación no inverso pola~~ vía de servizo. Cómpre destacar que toda esta parte conta a día de hoxe cunha calzada mínima entre dúas ringleiras de plátanos de sombra, e esta configuración é perigosa para unha rúa, ao impedir ampliar a dimensión dos carrís, diminuír a visibilidade dos peóns ao cruzar a calzada e dificultar o funcionamento das redes de servizos urbanos, en particular a evacuación das augas pluviais.
- O acondicionamento de varios viais de titularidade municipal, que de modo efectivo configuran unha alternativa de circunvalación de Xinzo de Limia evitando transitar polos treitos máis urbanos das estradas autonómicas.
- A adecuación da travesía da N-525 (Avenida de Madrid), que quedará liberada de tráfico unha vez que entre en servizo a alternativa viaria de circunvalación sinalada anteriormente.



- A racionalización da titularidade dos viais, de modo que o concello asuma a titularidade dos treitos máis urbanos das estradas autonómicas OU-531 e OU-301, evitando a carga administrativa que implica a normativa en materia de estradas sobre os mesmos. Ademais, a Xunta de Galicia asumiría un pequeno treito dun vial municipal para unir a OU-531 coa N-525 dun modo máis directo e con maior funcionalidade, ao estar moito menos urbanizado e finalizar nunha glorieta existente da N-525.

Estas actuacións, de interese para o concello de Xinzo de Limia e a súa comarca pola importancia dos viais sobre os que se actúa, e tamén para a Xunta de Galicia ao racionalizar a rede viaria da súa competencia, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Xinzo de Limia ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.



Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Xinzo de Limia que permitan realizar as obras de mellora do treito máis urbano da OU-531 (Avenida de Celanova), o acondicionamento de varios viais municipais que se configuren como viario de circunvalación de Xinzo de Limia, a renovación das beirarrúas da Avenida de Madrid (N-525), o cambio de titularidade de dous treitos de estradas autonómicas ao concello de Xinzo e o cambio de titularidade dun treito de vial municipal, que se acondiciona e pasa a ser de titularidade autonómica.

Para a consecución deste obxectivo, en base a este convenio se executarán tres obras:

- Reformulación da actuación de acondicionamento da Avda. de Celanova (OU-531). P.Q. 0+000 - 0+350.
 - A Avenida de Celanova, treito inicial da OU-531, transcorre polo casco urbano de Xinzo de Limia, e polo tanto debería ter características de travesía. Sen embargo, a súa configuración real xa era insuficiente como estrada (cunha calzada de tan só 5,5 m de ancho) e perigosa e pouco funcional como rúa, ao carecer de continuidade as beirarrúas, estar os pasos de peóns pouco protexidos, encharcarse a auga ao carecer de sumidoiros nunha marxe da calzada e ter escasa pendente, ou ter iluminación e outros servizos irregulares e insuficientes.
 - Coa finalidade de dar solución a estas deficiencias detectadas o proxecto prevé as seguintes actuacións:
 - Acondicionamento de firmes e pavimentos



- Acondicionamento e mellora da drenaxe superficial
 - Acondicionamento e renovación das redes de saneamento e abastecemento da marxe dereita
 - Renovación, reordenación e mellora do alumeadado
 - Actuacións de mellora da seguridade viaria: a calzada pasará dos actuais 5,50m de ancho e dous carrís, a contar cun solo carril de 3.6 m de ancho; construírse dunha beirarrúa na marxe dereita para protección de peóns; ampliáranse as beirarrúas nas zonas dos pasos de peóns e suprimíranse os aparcamentos antes dos mesmos para mellorar a visibilidade; e disporanse pasos de peóns sobreelevados e redutores de velocidade.
- A nova configuración é incompatible co tránsito de vehículos pesados en ambas direccións, algo que debe garantirse xa que, por exemplo, a Avenida de Celanova é a principal vía de saída das areeiras da Limia. Para manter, e mellorar este servizo, se aborda o acondicionamento dun vial municipal que une a rotonda de acceso á N-525 coa OU-531. Este vial, ademais, ten continuidade na outra marxe da N-525 ata a un enlace coa A-52, polo que ten todo o sentido este acondicionamento, e a transferencia de titularidade do mesmo á Xunta de Galicia. En cambio, o primeiro treito da OU-531 libérase do seu tráfico pesado e de longo percorrido, e pode pasar a ser de titularidade municipal.
- O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en SETECENTOS TRINTA E SEIS MIL SETECENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTEÚN CÉNTIMOS (736.756,21 €), de acordo co orzamento para coñecemento da administración recollido no proxecto de construción.



- Mellora da mobilidade de Xinzo de Limia mediante o acondicionamento de diversos viais municipais.






- A obra de mellora da mobilidade que se propón consiste no acondicionamento de varios viais municipais, en concreto as pistas de Cepetal, Sitibal e Travesía do Bouzo, que conforman un itinerario continuo que parte da N-525 e finaliza na OU-301, sen que sexa necesaria a tramitación de expropiacións.
 - Pista de Cepetal: trátase do treito entre a N-525 e a OU-531. Presenta características máis urbanas que o resto, con beirarrúas de diversos materiais e discontinuas. Deséñanse dous carrís por sentido, aparcamentos de ancho e, para unha maior seguridade viaria, na obra completaranse estas beirarrúas.
 - Pista de Sitibal: é o treito comprendido entre a OU-531 e o río Limia. É un treito suburbano, e nel deséñanse dous carrís, beiravías, cuneta de seguridade e unha senda peonil.
 - Travesía da Coruña: configúrase de modo análogo á pista de Sitibal, pero con cuneta de seguridade na marxe esquerda e senda na marxe dereita.
- O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en NOVECIENTOS SESENTA E SETE MIL SEISCENTOS SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (967.607,83 €), de acordo co orzamento para coñecemento da administración recollido no proxecto de construción.



- Mellora na pavimentación de beirarrúas na Avenida de Madrid.
 - A obra consiste na renovación das beirarrúas na marxe esquerda da Avenida de Madrid (N-525) ao seu paso por Xinzo de Limia, con problemas de deterioro, accesibilidade e de seguridade viaria, que a actuación pretende solventar. A actuación é ademais oportuna coa diminución do tránsito de vehículos que provocará o acondicionamento dos viais que terán a funcionalidade de circunvalar o núcleo de Xinzo.





- O orzamento necesario para a redacción do proxecto construtivo estímase en DEZ MIL EUROS (10.000,00 €).
- O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en TRESCENTOS TRES MIL SETECENTOS VINTE E DOUS EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (303.722,11 €), de acordo co orzamento recollido na memoria valorada redactada polo concello.

Polo tanto, o orzamento necesario para a execución das obras obxecto do convenio é de DOUS MILLÓNS DEZAOITO MIL OITENTA E SEIS EUROS E QUINCE CÉNTIMOS (2.018.086,15 €).

SEGUNDA. REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Xinzo de Limia cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

O Concello de Xinzo de Limia obrígase a:

- 1.- Redactar o proxecto correspondente á “Mellora na pavimentación de beirarrúas na Avenida de Madrid”.
- 2.- Aprobar os proxectos e executar as tres obras obxecto deste convenio.





3.- Aceptar a transferencia da titularidade dos treitos urbanos no Concello de Xinzo de Limia das estradas OU-531, OU-301 e OU-304, e asinar as actas de entrega correspondentes antes da licitación da obra que afecta á Avenida de Celanova (OU-531). A tramitación do expediente de cambio de titularidade realizarase consonte ao establecido no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

- Estrada OU-531 (Xinzo de Limia (N-525) a Cortegada (OU-801)) entre os PPQQ: 0+000 e 0+750 cunha lonxitude de 0,75 quilómetros.
- Estrada OU-301 (Xinzo de Limia (N-525) a Bande (OU-540)) entre os PPQQ: 0+000 e 0+750 cunha lonxitude de 0,75 quilómetros.
- Estrada OU-304 (Xinzo de Limia (N-525) a Baltar) entre os PPQQ: 0+000 e 0+560 cunha lonxitude de 0,56 quilómetros.

4.- Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.

5.- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- Xestionar todos os terreos necesarios, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias.

7.- Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.





8.- Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

9.- Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

10.- Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

11.- O concello deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade – Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.



CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

1. A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras e de redacción do proxecto obxecto do convenio, destinando para iso ata un máximo de **DOUS MILLÓNS DEZAOITO MIL OITENTA E SEIS EUROS E QUINCE CÉNTIMOS (2.018.086,15 €)** con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:



ANO	Importe obra (€)
2018	10.000,00
2019	750.000,00
2020	1.258.086,15
TOTAL	2.018.086,15

2. Aceptar e asinar a correspondente acta de entrega da transferencia da titularidade a prol da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do vial municipal que une a rotonda de acceso á N-525, coa OU-531, unha vez executada a obra de acondicionamento do mesmo recollida neste convenio.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.


O Concello de Xinzo de Limia xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:





1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acreedor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
 - O cumprimento da normativa vixente en materia de contratación pública.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
 - Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante o anos 2018, 2019 e 2020. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados que non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.



A data límite para a xustificación destes gastos é o 30 de novembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Xinzo de Limia, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Xinzo de Limia.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de



conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.


OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.



NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos





artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.



Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas



Ethel Mª Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello de Xinzo de Limia



Manuel Cabas Lopez